

AVR/cnc
Expte. 2024026196

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión do 12 de xullo de 2024, concederlle á **Asociación Cultural Caramuxo da Illa de Arousa**, con CIF: G94139235, unha achega de **11.864,36 euros** para a Restauración do galeón "Daniel", a través da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024 (acordo nº 2.34017, CSV:K9H1FOAGGAOA4TXC), con cargo á aplicación 24/332.3322.789.01 do vixente Orzamento provincial.

O prazo para realizar a finalidade obxecto da subvención rematará o **31 de decembro de 2024**. Para poder percibir a axuda deberán presentar, ata o **31 de marzo de 2025**, a seguinte documentación xustificativa na sede electrónica da Deputación (<https://sede.depo.gal>), a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude" ("achega de documentación xustificativa"):

- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen o investimento realizado e os resultados obtidos.
- Conta xustificativa dos gastos (formulario do anexo I), na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, ata o total do orzamento presentado por importe de **14.830,45 euros**. Este documento pode descargarse na seguinte ligazón:
<https://sede.depo.gal/web/public/publications/list/forms/FORMS/details/87642114>

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, cunha porcentaxe de desviación máxima do 20 % no custo dos diferentes conceptos con respecto ao orzamento inicial.

- Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; indicaranse en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas, o IVE detallado e mais o custo total de cada unidade.
- Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da Deputación. Esta obriga poderá acreditarse mediante accións de comunicación ou publicidade (notas de prensa, páxinas web, carteis e placas, entre outras). As accións de promoción e os materiais de difusión deberán incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra, seguindo a normativa de identidade corporativa específica desta axuda, "Subvencións para a recuperación do patrimonio marítimo-fluvial", accesible en: <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>
- Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.

O secretario xeral,

**Por delegación, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico,
segundo R. P. núm. 2016001033, de 25 de xaneiro de 2016**

Asinado dixitalmente á marxe

